

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ÉRGUETE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADITIVOS. PROGRAMA ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

MEMORIA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 03.06.2022 o convenio arriba referido coa Asociación Érguete, por un período de vixencia que vai dende o día da súa sinatura até o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación Érguete de programas e actividades do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS) de incorporación social de persoas con trastornos aditivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa da xestión do devandito programa.

No marco do dito programa, desenvolveranse programas e actividades no ámbito da incorporación social a través do PAXS.

O PAXS deberá ser dirixido á atención integral das persoas con trastornos aditivos e problemática legal engadida, prestando axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal, así como ao persoal asistencial e familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio asinado fundaméntase no seguinte:

Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e integrará medidas encamiñadas á incorporación social de pacientes con problemas derivados dos trastornos aditivos.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria é a unidade administrativa encargada de xestionar os plans e programas sociosanitarios e de saúde mental da Comunidade Autónoma, así como de coordinar os dispositivos dependentes doutras institucións e administracións.

Así mesmo, segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da

Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

A a Asociación Érguete é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia, prioritariamente nos ámbitos social, xurídico e laboral de xeito coordinado coa asistencia sanitaria prestada nos centros de drogodependencias como parte do tratamento rehabilitador integral.

A Asociación Érguete cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes consideraron esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia.

Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de prevención e incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non foi posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As razóns de interese público nas que se fundamenta o presente convenio determinan que xe axuste as previsións contidas no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

